

## ACORDO DE COLABORACIÓN entre o Grupo Emaús Fundación Social e o Plan Comunitario de Teis no marco do Proxecto INclúe: Innovación para a Inclusión Social.

Vigo, a 28 de novembro de 2014

### PARTICIPAN

Dunha parte, **Dona Juncal Blanco Granado**, maior de idade, con DNI nº 43.525.671-B en calidade de Responsable Territorial e Apoderada do Grupo Emaús Fundación Social en Galicia, con CIF G 20.486.825 e domicilio, para os efectos, en Ronda de Don Bosco, nº9, interior-baixo do municipio de Vigo, coas facultades de representación outorgadas en poder ao seu favor ante Notario de San Sebastián D. Miguel Ángel Sánchez Ferrer, o día 30 de outubro de 2006 baixo o nº 2183 do seu protocolo.

Doutra parte, **Don Eduardo García Crespo** maior de idade, con DNI 36.046.911-T en calidade de Presidente do Plan comunitario de Teis con CIF G-36.791.960 e domicilio, para os efectos, en R/ Coutadas nº 59 c.p 36207 en Teis-Vigo, coas facultades de representación otorgadas por Asamblea Extraordinaria de dia 25 de setembro de 2003, en cumprimento dos Estatutos da Entidade.

### EXPOÑEN QUE

O **Grupo Emaús Fundación Social** é unha organización con máis de 30 anos de traxectoria, de carácter social, laica e sen ánimo de lucro. Ten como misión promover e acompañar procesos transformadores, individuais ou colectivos, nos ámbitos social, económico e medioambiental priorizando a mellora das condicións de vida e o empoderamento das persoas en situación ou grave risco de exclusión. Para iso, desenvolve programas para a inclusión social e laboral que pretenden favorecer que as persoas sexan axentes de cambio e de cidadanía activa contra toda situación de pobreza ou exclusión, a creación e xestión de empresas de economía solidaria e a execución de proxectos de sensibilización e educación para a transformación.

O **Plan Comunitario de Teis** é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu, en 1993 por decisión dos colectivos do barrio representados no **Consello de Saúde de Teis** e

desenvolvemento da aplicación informática de diagnose, valoración das situacións de exclusión social e avaliación do impacto das actuacións realizadas co novo modelo.

O Proxecto INclúe aposta por deseñar un **modelo de atención** social innovador, centrado na persoa, definido en clave de calidade de vida, igualdade de oportunidades para mulleres e homes, dereitos, autonomía e cidadanía das persoas en situación de exclusión social. Con ese obxecto, estase a levar unha investigación que favoreza o coñecemento de modelos innovadores na atención ás persoas en situación de exclusión que permitan sistematizar boas prácticas e analizar a súa replicabilidade no ámbito dos servizos de atención á exclusión social en Galicia. Este traballo permitirá:

- Identificar un novo marco conceptual de referencia (que se recollerá no *Manual INclúe*) que redefina as claves dunha atención de calidade para todas as entidades público-privadas que interveñen no ámbito da inclusión social no territorio galego.
- Desenvolver unha ferramenta tecnolóxica de carácter innovador que facilite a **valoración técnica da exclusión social** con criterios homoxéneos e que sexan susceptibles de ser aplicados polas entidades públicas e privadas que operan no ámbito da inclusión social en Galicia. Esta ferramenta contribuirá á avaliación do impacto das intervencións realizadas dende o prisma do novo modelo.

## **CONDICIÓN DO ACORDO DE COLABORACIÓN**

### **1. OBXECTO DO ACORDO**

No marco do Proxecto INclúe as entidades socias teñen asumido como reto o fortalecemento da **colaboración interinstitucional** co obxecto de aumentar a eficacia e o impacto das actuacións público-privadas na abordaxe do fenómeno da exclusión social. Para isto, as entidades socias do Proxecto INclúe consideran indispensable contar coa participación técnica no proxecto dos **servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos**, implicados na atención de persoas en situación de exclusión social, así como de **entidades de iniciativa social** con traxectoria consolidada no desenvolvemento de actuacións orientadas a favorecer a inclusión social en Galicia. Coa certeza de que todos estes axentes xuntos, contribuirán de xeito esencial á formulación do Modelo INclúe.

Co obxecto de garantir esta participación do xeito mais fluído e eficaz posible, constitúese o **Grupo de Traballo INclúe** no que participarán de xeito regular as